



Nota de prensa

Campaña solidaria de cooperación internacional

A VACINACIÓN INFANTIL, NOVA CAUSA DO PROGRAMA CÉNTIMOS SOLIDARIOS DE EROSKI

- Colaborará a prol de UNICEF, Médicos Sen Fronteiras e ACNUR recadando axudas que se destinarán á poboación infantil dos países en vías de desenvolvemento
- **Céntimos Solidarios** é o programa permanente de EROSKI co que os seus clientes poden realizar doazóns a diferentes causas sociais elixidas logo dunha escoita a máis de 3.500 Socios-Cliente

Elorrio, 8 de xaneiro do 2021.- [EROSKI](#) puxo en marcha, no marco do seu programa *Céntimos Solidarios*, unha nova causa de colaboración solidaria a prol de [UNICEF](#), [Médicos Sen Fronteiras](#) e [ACNUR](#) nas súas accións de vacinación infantil nos países en vías de desenvolvemento. Esta campaña, que se estenderá ata o 27 de xaneiro, ten o obxectivo de recadar fondos para vacinar a máis de 40.000 nenos e nenas de enfermidades como o sarampelo, a polio ou o cólera en diferentes países en desenvolvemento, por exemplo na República Democrática do Congo e os campos do leste do Chad.

“Os Socios-Cliente de EROSKI coidan que a solidariedade debe cruzar fronteiras e por iso as nosas campañas tamén se orientan cara ás necesidades dos que están máis lonxe. Neste ano que comeza, a vacinación fronte á COVID-19 será unha das maiores preocupacións da nosa sociedade, pero non por iso debemos esquecer as necesidades de vacinación noutros lugares do mundo. O 30% das mortes de nenos menores de 5 anos débese a enfermidades que as vacinas poden evitar. Por iso, a nova causa que apoiaremos co noso programa de Céntimos Solidarios é a axuda á vacinación infantil en países en vías de desenvolvemento”, explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

“O noso traballo é posible grazas ao apoio de persoas, administracións públicas, organizacións privadas e empresas, como EROSKI, que colabora desde o 2002 no noso labor de salvar e protexer a millóns de nenos e nenas de todo o mundo e que xa achegou máis dun millón de euros a prol de UNICEF. A crise da COVID-19 fixo que en países en vías de desenvolvemento se detiveran as campañas masivas de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



vacinación entre a poboación máis vulnerable. Isto incrementou o número de nenos e nenas non vacinados, que no 2019 superou os 14 millóns. Con esta campaña de EROSKI poderemos ampliar as nosas campañas de vacinación nos países que máis o precisen”, sinalou o presidente de UNICEF Comité País Vasco, Isidro Elezgarai.

“A vacinación é unha ferramenta extremadamente efectiva e alcanzable para frear a mortalidade infantil en países como a República Democrática do Congo. Contar co apoio de EROSKI e de todos os seus clientes é vital neste momento tan complicado. Esta nova acción solidaria con EROSKI súmase ás moitas que levamos realizado xuntos nestes máis de 18 anos de colaboración”, comentou a responsable de Colaboracións Estratéxicas de Médicos Sen Fronteiras, Patricia García Peiteado.

“Para a nosa organización é fundamental contar coa colaboración de empresas como EROSKI, coñecedoras da dura realidade á que se enfrontan millóns de persoas no noso planeta, comprometidas na procura de solucións solidarias e que fan posible o desenvolvemento de proxectos que benefician a milleiros de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo. Este ano, grazas a esta campaña solidaria, vacinaremos a máis de 19.000 refuxiados sudaneses menores de cinco anos dos campos de refuxiados do leste do Chad”, sinalou o presidente do Comité español de ACNUR, José María Gil-Robles Casanueva.

Céntimos Solidarios, apoio a diferentes causas sociais

EROSKI estreou o seu programa permanente *Céntimos Solidarios* o 5 de novembro e destinou o recadado ata o de agora aos Bancos de Alimentos, que lles proporcionarán produtos de alimentación ás familias en situación de vulnerabilidade.

Os clientes de EROSKI poden facer unha pequena doazón á causa benéfica que estea en marcha en cada momento ao pagaren a súa compra con tarxeta ou móbil. A achega, sempre voluntaria e confidencial, é unha pequena cantidade simbólica de 10 céntimos para compras entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores aos 30 euros.

As organizacións solidarias receptoras destas axudas cambian periodicamente e a súa elección responde ás necesidades sociais existentes en cada momento e ás preocupacións transmitidas por máis de 3.500 Socios-Cliente. Entre elas, haberá ao longo de 2021 entidades que traballen pola infancia, polas persoas en risco de exclusión social, na loita contra o cancro, coas persoas con discapacidade ou con enfermidades raras e a prol do medio natural.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



“O programa Céntimos Solidarios é unha ferramenta moi eficaz para que os nosos clientes dean canalizado dun xeito sinxelo o seu compromiso coas distintas causas sociais. É un programa permanente a través do cal apoiaremos a distintas entidades, de distintos eidos, sempre co denominador común de axudar aos colectivos máis necesitados”, sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

Desde os seus comezos, EROSKI leva a cabo múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa promoción dos hábitos de vida saudables, a formación ao consumidor, a defensa do medio natural e a solidariedade. No 2020, EROSKI doou máis de 3,2 millóns de euros en alimentos, produtos de necesidade básica ou achegas económicas a distintas entidades sociais. Estas doazóns súmanse aos máis de 2,5 millóns de euros achegados polos seus clientes nun ano marcado pola crise social xerada pola COVID-19.

Sobre UNICEF

UNICEF traballa nalgúns dos lugares máis difíciles para chegar aos nenos e nenas máis desfavorecidos do mundo. En 190 países e territorios, traballan para cada neno e nena, en todas partes, cada día, para construír un mundo mellor para todos.

Son o maior provedor de vacinas do mundo; defenden a saúde e a nutrición infantil, a auga e o saneamento seguros, a educación e a formación de calidade, a prevención do VIH e os tratamentos para nais e bebés, así como a protección dos nenos e nenas e dos adolescentes contra a violencia e a explotación.

UNICEF está no terreo antes, durante e despois das emerxencias humanitarias, brindando esperanza e axuda vital para os nenos, as nenas e as súas familias.

Sobre Médicos Sen Fronteiras

Médicos Sen Fronteiras intervéñen ante a deterioración brusca das condicións médico-humanitarias de poboacións afectadas por crises que ameazan a súa supervivencia ou a súa saúde, con atención especial a quen non recibe asistencia: vítimas de conflitos armados, violencia e desprazamentos, enfermidades endémicas e epidémicas, violencia social, exclusión da atención sanitaria e desastres naturais. Actualmente, contamos con actividades en máis de 70 países.

Sobre ACNUR

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



ACNUR é a axencia da ONU para os Refuxiados e leva a cabo o seu labor en tres grandes áreas de intervención: dando asistencia durante emerxencias humanitarias, garantindo a supervivencia das persoas refuxiadas e desprazadas e facilitando recursos para que reconstrúan o seu futuro.

Esta colaboración entre EROSKI e ACNUR levarase a cabo a través do Comité español de ACNUR, a ONG española que traballa para sensibilizar a sociedade sobre as causas que xeran refuxiados e desprazados e suscitar a colaboración económica de empresas, administracións públicas e particulares co fin de contribuír ao financiamento dos proxectos humanitarios e de desenvolvemento que ACNUR realiza no mundo.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)